

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TRABALLADOR/A PARA AS CATEGORÍAS DO NIVEL RETRIBUTIVO IV DO GRUPO OPERATIVO PARA A SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DE TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (TUSSA).

O obxecto destas bases é a regulación do procedemento para a contratación dun/dunha traballador/a para as categorías de axente de aparcadoiro, axente de depósito, axente de estación e controlador/a, pertencentes a o mesmo grupo operativo e mesmo nivel retributivo. O contrato será de relevo indefinido e a xornada completa.

CONDICIÓN DE TRABAJO

As condicións de traballo son as que se recollen no Convenio colectivo da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, SA.

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2023/02/06/2023_0000000629.pdf

Categoría profesional

O traballador/a terá asignada unha categoría do nivel retributivo IV do grupo operativo:

- Axente de aparcadoiro
- Axente de depósito
- Axente de estación
- Controlador/a

Seralle de aplicación (igual que ao resto de traballadores/as da empresa) a mobilidade funcional nos termos establecidos no Convenio colectivo da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, SA

Grupo profesional

Grupo operativo

Retribucións

A retribucións establecidas para o nivel IV no Convenio colectivo da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, SA

Funcións e tarefas a desenvolver

As establecidas no I Convenio colectivo da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, SA.

Bases aprobadas en Consello de Administración de Tussa, celebrado o 9 de outubro de 2025

Xornada de traballo

A xornada laboral anual e demais condicións laborais son as que se recollen no Convenio colectivo da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, SA.

REQUIRIMENTOS DOS/AS ASPIRANTES

Para participar no presente proceso os/as aspirantes deberán dispoñer dos seguintes requisitos, que deberán acreditar mediante documentación oficial:

Requirimentos indispensables

1.- Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea (UE), así como os nacionais daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no tratado constitutivo da UE. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e nacionais dalgún dos demais estados membros da UE, cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude de tratados internacionais subscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Así mesmo, poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares de documentos que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

2.- Ter cumpridos os dezaioito anos e non ter alcanzada a idade de xubilación.

3.- Estar en posesión do Graduado Escolar ou titulación equivalente.

4.- Estar en posesión do carné de conducir B.

5.- Estar en posesión do Celga 2 ou superior. Os interesados que non aporten este documento deberán acreditar o coñecemento do galego mediante a superación dunha proba.

6.- Estar en situación de desemprego ou ter concertado un contrato temporal de duración determinada con TUSSA; en ambos casos, no momento da formalización do contrato.

Requirimentos valorables

- Experiencia nas categorías de axente de aparcadoiro, axente de estación, axente de depósito e controlador/a ou traballos coas funcións establecidas para ditas categorías no Convenio colectivo da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, SA.
- Coñecementos de idiomas.
- Coñecementos de informática.
- Formación en atención ao cliente.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse nas oficinas de TUSSA, na rúa Clara Campoamor, s/n, 15702 Santiago de Compostela (estación de autobuses), de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 horas.

O prazo de presentación será de 15 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no DOGA.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR OBRIGATORIAMENTE

A persoa interesada en participar no proceso de selección deberá presentar a seguinte documentación:

- Solicitud para a participación no proceso selectivo asinada polo interesado/a, segundo o modelo que se achega ás bases como Anexo I.
- Documento de identificación: fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento que acredite a nacionalidade.
- Copia da titulación académica requirida ou documento que acredite a posesión do correspondente título académico.
- Copia do carné de conducir B.
- Copia do certificado Celga 2 ou superior.
- Currículo de vida coa documentación que acredite os méritos alegados (experiencia e formación). A experiencia deberá acreditarse cunha certificación de vida laboral

Bases aprobadas en Consello de Administración de Tussa, celebrado o 9 de outubro de 2025

emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, debendo aportar ademais un certificado emitido pola empresa/entidade na que se teña adquirida a experiencia; este certificado pode ser substituído por unha copia dos contratos de traballo. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito conforme se establece nestas bases eliminará á persoa candidata da correspondente valoración.

No caso de ter traballado en Tussa non é preciso aportar documentación xustificativa (contratos) por obrar en poder de Tussa.

- Aqueles outros que as persoas candidatas xulguen oportunos.

TUSSA poderá, en calquera momento do proceso, solicitar a presentación dos orixinais da documentación aportada, outorgando un prazo para a presentación da mesma. En caso de non presentar dita documentación no prazo indicado considerarase como non presentada, o que suporá a eliminación do candidato do proceso (no caso de que se trate dun requisito indispensable) ou a non valoración do documento (no caso de que sexa un requisito valorable).

As persoas interesadas deberán presentar todos os méritos, aínda cando os tivesen presentado en procedementos anteriores.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

Fase de admisión:

Con carácter previo á fase de selección farase pública unha lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, tendo en conta a acreditación oficial da posesión dos requirimentos indispensables; concedendo un prazo de cinco días naturais para emendar o defecto que motivara a exclusión ou para realizar as alegacións que se consideren oportunas.

As emendas e/ou alegacións, no seu caso, presentaranse en man nas oficinas de TUSSA.

A Comisión de Selección terá en conta as reclamacións presentadas e resolveraaas motivadamente, aprobando a lista definitiva de aspirantes admitidos/as que se publicará na páxina web e nas oficinas de TUSSA.

Será causa de exclusión non reunir algún dos requisitos establecidos no apartado de requirimentos indispensables, agás o referido ao certificado Celga 2 ou superior, que se substituirá por un exame para acreditar o coñecemento do idioma.

Fase de selección:

O proceso de selección realizarase a través dunha proba eliminatoria e dun concurso de méritos.

Proba eliminatoria de galego

Para aqueles aspirantes que non acrediten o Celga 2 ou superior establécese un exame tipo test, de carácter eliminatorio, que acredite que dispón do nivel de galego equivalente ao Celga 2.

O tribunal fixará o sistema de superación desta proba, que se dará a coñecer aos aspirantes con carácter previo á realización da mesma.

Proba eliminatoria tipo test (máximo 50 puntos)

Sobre cálculos numéricos básicos para o posto, aspectos xerais e turísticos da cidade de Santiago de Compostela, funcionamento de aparcadoiros, funcionamento do servizo Ora e de guindastre (incluíndo as correspondentes ordenanzas municipais), convenio colectivo de TUSSA e/ou cultura xeral.

O tribunal fixará o sistema de superación desta proba, que se dará a coñecer aos aspirantes con carácter previo á realización da mesma.

Valoración de méritos (máximo 30 puntos)

Valoraranse os seguintes méritos acreditados:

Idiomas

Títulos oficiais de idiomas ou acreditación do mesmo: ata un máximo de 12,5 puntos.

Outorgarase ata un máximo de catro puntos polo coñecemento do inglés. A valoración realizarase segundo o nivel acreditado de acordo coa seguinte táboa:

Nivel de formación	Puntos
A1	0,67
A2/KET	1,34
B1/PET	2,00
B2/FIRST	2,67
C1/ADVANCED	3,34
C2/PROFICIENCY	4,00

Outorgarase ata un máximo de catro puntos polo coñecemento do portugués. A valoración realizarase segundo o nivel acreditado de acordo coa seguinte táboa:

Nivel de formación	Puntos
A1	0,67
A2/KET	1,34
B1/PET	2,00
B2/FIRST	2,67
C1/ADVANCED	3,34
C2/PROFICIENCY	4,00

Outorgarase ata un máximo de 0,90 puntos polo coñecemento do francés. A valoración realizarase segundo o nivel acreditado de acordo coa seguinte táboa:

Nivel de formación	Puntos
A1	0,15
A2/KET	0,30
B1/PET	0,45
B2/FIRST	0,60
C1/ADVANCED	0,75
C2/PROFICIENCY	0,90

Outorgarase ata un máximo de 0,90 puntos polo coñecemento do alemán. A valoración realizarase segundo o nivel acreditado de acordo coa seguinte táboa:

Nivel de formación	Puntos
A1	0,15
A2/KET	0,30
B1/PET	0,45
B2/FIRST	0,60
C1/ADVANCED	0,75
C2/PROFICIENCY	0,90

Outorgarase ata un máximo de 0,90 puntos polo coñecemento do italiano. A valoración realizarase segundo o nivel acreditado de acordo coa seguinte táboa:

Nivel de formación	Puntos
A1	0,15
A2/KET	0,30
B1/PET	0,45
B2/FIRST	0,60
C1/ADVANCED	0,75
C2/PROFICIENCY	0,90

Outros idiomas. Valorarase con un máximo de 1,80 puntos o coñecemento doutros idiomas distintos aos valorados anteriormente. A valoración por cada un dos idiomas acreditados é a seguinte:

Nivel de formación	Puntos
A1	0,15
A2/KET	0,30
B1/PET	0,45
B2/FIRST	0,60
C1/ADVANCED	0,75
C2/PROFICIENCY	0,90

Cursos de informática

Cursos de informática: manexo de sistema operativo (Windows e android) e ofimática (word e excel ou software libre semellante), ata un máximo de 5 puntos. Soamente se valorarán os cursos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2018.

- Os cursos de sistema operativo Windows valoraranse ata un máximo de 2,5 puntos, dependendo do número de horas do curso, coa seguinte ponderación:

Nivel de formación	Puntos
Ata 20 horas	0,5
De 21 a 49 horas	1
De 50 a 74 horas	1,5
De 75 a 100 horas	2
Máis de 100 horas	2,5

- Os cursos de ofimática valoraranse ata un máximo de 2,5 puntos, dependendo do número de horas do curso, coa seguinte ponderación:

Nivel de formación	Puntos
Ata 20 horas	0,5
De 21 a 49 horas	1
De 50 a 74 horas	1,5
De 75 a 100 horas	2
Máis de 100 horas	2,5

Formación en atención ao cliente

Valoraranse os cursos de atención ao cliente realizados a partir do 1 de xaneiro de 2018, ata un máximo de 2,5 puntos, coa seguinte ponderación:

Nivel de formación	Puntos
Ata 20 horas	0,5
De 21 a 49 horas	1
De 50 a 74 horas	1,5
De 75 a 100 horas	2
Máis de 100 horas	2,5

Experiencia laboral

- Dous puntos por cada ano de servizo en TUSSA nas categorías de axente de aparcadoiro, axente de estación, axente de depósito e controlador/a ata un máximo de 10 puntos.
- Un punto por cada ano de servizo noutras empresas, nas categorías de axente de aparcadoiro, axente de estación, axente de depósito e controlador/a ou traballos coas funcións establecidas para ditas categorías no I Convenio colectivo da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, SA, ata un máximo de 10 puntos.

A suma da puntuación por experiencia laboral non poderá superar os 10 puntos.

PROCESO DE CONTRATACIÓN

Seguindo a orde de puntuación, contratarase á persoa que acade a maior puntuación e crearase unha lista para cubrir a vacante fixa para o caso de que se produza a extinción do contrato da persoa contratada (relevista) no período mínimo legal.

A lista funcionará por orde correlativa de maior a menor puntuación dos/as aspirantes.

Bases aprobadas en Consello de Administración de Tussa, celebrado o 9 de outubro de 2025

En caso de empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1.- A nota máis alta na proba eliminatoria.
- 2.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o de sexo masculino debido á infrarepresentación do sexo feminino nesta categoría profesional.
- 3.- Solicitante de maior idade.
- 4.- Por sorteo pola Comisión de Selección antes da publicación da bolsa.

Chamamento

O chamamento farase a través de medios electrónicos (correo electrónico e whatsapp).

As persoas que formen parte da lista deberán comunicar e manter unha dirección electrónica e un número de teléfono móbil para este procedemento.

Se precisan cambiar algún do seus datos persoais, deberán facelo a través dunha comunicación ao enderezo electrónico rrhh@tussa.gal.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o envío do correo electrónico ou a notificación por whatsapp. A notificación considerárase rexeitada cando transcorran 72 horas dende a súa notificación sen a aceptación do chamamento.

O traballador/a deberá cumprir co requisito de estar en desemprego ou cun contrato temporal en TUSSE no momento da formalización do contrato indefinido, e a súa incorporación deberá realizarse nas 72 horas seguintes á aceptación do chamamento.

As persoas integrantes da lista que non aceptasen ou rexeitasen o posto ofertado, que non se presentasen ao posto de traballo ou presentasen a súa renuncia antes do remate do contrato asinado, quedarán excluídas do chamamento.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta polo director xerente, en calidade de presidente da Comisión, e dous vogais que serán, a técnico de administración e o técnico de aparcadoiros. En caso de causa sobrevida que impida a algún dos vogais participar nalguna das sesións da Comisión, esta designará, entre os/as empregados/as da sociedade, á persoa que o/a substitúa nesas sesións.

Actuará como secretario o do Consello de Administración ou persoa na que delegue, con voz pero sen voto. Á mencionada Comisión poderán incorporarse os/as técnicos que esta considere en calidade de asesores.

A Comisión de Selección, encargada de levar a cabo o proceso e de resolver cantas incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, elevará a proposta co resultado do procedemento ao Consello de Administración aos efectos da súa aprobación.

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento: Os seus datos serán tratados por SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, S.A., con CIF ESA15692890, rúa Clara Campoamor (Estación de Autobuses), 15702 - Santiago de Compostela (A Coruña).

Finalidades e lexitimación: A finalidade do tratamento dos seus datos é a xestión de contratación de persoal segundo o estipulado nas presentes bases de contratación en base ao interese lexítimo do responsable.

Prazo: Os seus datos conservaranse durante o prazo legalmente esixido.

Destinatarios: Os seus datos non se cederán a terceiros, agás obriga legal.

Dereitos: Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e/ou portabilidade ou se desexa máis información respecto ao tratamento dos seus datos, diríxase por escrito ao enderezo indicado xunto coa copia de documento acreditativo da súa identidade: rúa Clara Campoamor, s/n - 15702 - Santiago de Compostela (A Coruña) ou mediante correo electrónico a dpd@tussa.gal

Máis información da política de privacidade na nosa web: www.tussa.org



ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TRABALLADOR/A PARA AS CATEGORÍAS DO NIVEL RETRIBUTIVO IV DO GRUPO OPERATIVO DE TUSSA

NOME E APELIDOS

DNI/NIE/PASAPORTE

DATA DE NACEMENTO NACIONALIDADE

ENDEREZO Nº

CONCELLO PROVINCIA

TELÉFONO FIXO TELÉFONO MÓBIL

ENDEREZO ELECTRÓNICO

EXPOÑO

Que tendo coñecemento da convocatoria DA CONTRATACIÓN DUN/DUNHA
TRABALLADOR/A PARA AS CATEGORÍAS DO NIVEL RETRIBUTIVO IV DO GRUPO
OPERATIVO

SOLICITO

Ser admitido/a como aspirante en dito PROCESO DE SELECCIÓN, ao reunir todos e cada
un dos requisitos esixidos nas BASES reguladoras de dito proceso, aportando a seguinte
documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, NIE, pasaporte ou documento
que acredite a nacionalidade.
- Copia do título de Graduado Escolar ou titulación equivalente.
- Copia do carné de conducir B.
- Copia do documento que acredite estar en posesión do Celga 2 ou superior.
- Currículo de vida e a documentación que acredite os méritos alegados
(**experiencia e formación**). A experiencia deberá acreditarse cunha certificación
de vida laboral emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, debendo

Bases aprobadas en Consello de Administración de Tussa, celebrado o 9 de outubro de 2025

aportar ademais un certificado emitido pola empresa/entidade na que se teña adquirida a experiencia; este certificado pode ser substituído por unha copia dos contratos de traballo. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito conforme se establece nestas bases eliminará á persoa candidata da correspondente valoración.

AUTORIZO recibir todas as comunicacións e notificacións relativas ao PROCESO DE SELECCIÓN a través do enderezo electrónico facilitado nesta solicitude.

ACEPTO a política de privacidade e protección de datos persoais do PROCESO DE SELECCIÓN que se detalla nesta solicitude.

Santiago de Compostela ____ de ____ de 2025

Asdo./

POLÍTICA DE PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN INDEFINIDA DUN/UNHA TRABALLADOR/A DO NIVEL RETRIBUTIVO IV DO GRUPO OPERATIVO DE TUSSA

ACEPTO a política de privacidade e protección de datos persoais do PROCESO DE SELECCIÓN que se detalla nesta solicitude e AUTORIZO a proceder ao tratamento dos meus datos nos termos descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na sede electrónica de TUSSA. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

Responsable do tratamento: Os seus datos serán tratados por SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, S.A., con CIF ESA15692890, rúa Clara Campoamor (Estación de Autobuses), 15702 - Santiago de Compostela (A Coruña).

Finalidades e lexitimación: A finalidade do tratamento dos seus datos é a xestión de contratación de persoal segundo o estipulado nas presentes bases de contratación en base ao interese lexítimo do responsable.

Prazo: Os seus datos conservaranse durante o prazo legalmente esixido.

Destinatarios: Os seus datos non se cederán a terceiros, agás obriga legal.

Dereitos: Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e/ou portabilidade ou se desexa máis información respecto ao tratamento dos seus datos, diríxase por escrito ao enderezo indicado xunto coa copia de documento acreditativo da súa identidade: rúa Clara Campoamor, s/n - 15702 - Santiago de Compostela (A Coruña) ou mediante correo electrónico a dpd@tussa.gal

Máis información da *política de privacidade* na nosa web: www.tussa.org

